

Asunto: Informe da Secretaría Xeral Técnica

Norma tramitada: Proxecto de Decreto polo que se crea e regula o Consello de Avaliación e Seguimento da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Esta Secretaría Xeral Técnica, en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto e estrutura

O obxecto do decreto é crear o Consello de Avaliación e Seguimento da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, así como a regulación da súa composición, das súas funcións e do seu réxime de funcionamento.

O proxecto de Decreto estrutúrase en oito artigos, unha disposición adicional e dúas disposicións derradeiras.

2. Marco normativo e competencial

De conformidade cos artigos 27.1 e 28 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma galega, como competencia exclusiva, a organización das súas institucións de autogoberno, así como a execución da lexislación do Estado en materia de réxime xurídico da Administración Pública de Galicia.

Así mesmo, segundo o artigo 39 do Estatuto de Autonomía de Galicia correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a creación e estruturación da súa propia Administración pública, dentro dos principios xerais e normas básicas do Estado.

O Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, indica que a Consellería do Medio Rural é o órgano da





Administración galega ao cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española, na forma establecida nese decreto.

A disposición derradeira oitava da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, prevé a creación mediante Decreto do Consello da Xunta, a Comisión de Avaliación e Seguimento da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

O órgano competente para a aprobación do proxecto é o Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 4.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co disposto o artigo 34.5 da antedita Lei 1/1983 e dos artigos 37, 38, 39 e 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, e tendo en conta o disposto no artigo 1 do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

3. Tramitación

O proxecto de Decreto tramítase de conformidade co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

No expediente constátase que de acordo co disposto no artigo 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o anteproxecto de decreto acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes a fase inicial da tramitación:

- Acordo previo para a elaboración do anteproxecto asinado polo conselleiro do Medio Rural de data 31/03/2023
- Informe da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico de data 20/04/2023

De conformidade co artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, a persoa titular da Consellería do Medio Rural acordou a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto.

O texto foi publicado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, en cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo





gobierno e nos artigos 41 e 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Na fase intermedia da tramitación, foi sometido aos seguintes trámites:

- Informes e ditames: Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:

- Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de data 16.05.2023
- Informe de impacto demográfico da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica de data 11.05.2023
- Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda do 15.05.2023
- Informe da Dirección Xeral da Función Pública de data 16.05.2023
- Informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa de data 22.05.2023.

Así mesmo, o expediente remítese ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 19/10/2023.

En cumprimento do disposto no artigo 43.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a aprobación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de polo que se crea o Consello de Avaliación e Seguimento da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico
Joaquín Macho Canales

